

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO, SESIÓN DE ORGANIZACIÓN, DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O DÍA 28 DE XUÑO DE 2023

ASISTENTES:

Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro. (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:

D^a M^a Rosario Huertas Garabana. (PSdeG-PSOE)

D. Daniel Ríos Fernández. (PSdeG-PSOE)

D^a Alejandra Bellón Tenreiro. (PSdeG-PSOE)

D. José Simoes Couceiro. (PSdeG-PSOE)

D. Isaac Alejandro García Otero. (PSdeG-PSOE)

D^a Ángela Piñeiro Carrera. (PSdeG-PSOE)

D. Joshua Dopico López. (PSdeG-PSOE)

D^a. Manuela García Fachal. (PSdeG-PSOE)

D. Luís Pena Mosquera (BNG)

D^a María Rocío Souto Torre (BNG)

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro. (PP)

D^a. Montserrat Pico Rodeiro (PP)

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as dez horas e trinta e tres minutos do día vinte e oito de xuño de dous mil vinte e tres, xúntanse, en sesión extraordinaria do Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, os concelleiros e concelleiras membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaría Xeral municipal, que dá fe do acto.

A Secretaría xeral:

D^a Ana Ramos Ramos

A Interventora municipal:

D^a Lucía Varela Martínez

Procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1.- DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO E PROPOSTA DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO EN ALCALDÍA-PRESIDENCIA

A Secretaría xeral da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO

EXPDTE 2023/G006/000112



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ASUNTO.- DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO E PROPOSTA DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO EN ALCALDÍA-PRESIDENCIA

EXPDTE. 2023/X999/000121 ORGANIZACIÓN MUNICIPAL MANDATO CORPORATIVO 2023-2027

Atendendo ao disposto nos artigos 46.2.a) da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 11/1999, de 21 de abril, artigo 210.2.a) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, artigo 47.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, e artigos 38 a) e 78 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a periodicidade para as sesións plenarias ordinarias é dependente do volume poboacional da Corporación Municipal; sinalando así que o Pleno celebrará sesión ordinaria como mínimo cada mes nos Concellos de municipios de máis de 20.000 habitantes e nas Deputacións Provinciais; cada dous meses nos Concellos dos municipios dunha poboación entre 5.001 habitantes e 20.000 habitantes; e cada tres nos municipios de até 5.000 habitantes.

Sen embargo, a pesar de que a periodicidade por tramo poboacional de Ponte deume corresponde a unha periodicidade bimensual, esta Alcaldía Presidencia, en relación coa fixación da periodicidade das sesións ordinarias do Pleno Municipal propón a periodicidade mensual segundo se indica na presente proposta, co fin de garantir a participación dos distintos grupos políticos na vida municipal e facilitar un maior control político da Corporación.

Asimesmo, considerando que de conformidade co disposto no artigo 22.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o Pleno pode delegar o exercicio das súas atribucións no Alcalde ou na Xunta de Goberno Local, salvo as enunciadas no número 2), letras a), b), c), d), e), f), g), h), i), l) e p), e no parágrafo 3) do artigo referenciado.

A delegación de competencias realizarase a través dun acordo, que se adoptará por maioría simple, e surtirá efectos desde o día seguinte ao da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, coa finalidade de axilizar a xestión administrativa e dar unha maior operatividade á actuación municipal.

Asimismo atendendo as atribucións encomendadas ó Pleno establecidas no artigo 23 do RD Lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

Considerando o establecido no artigo 64.5) da Lei de Administración Local de Galicia do 22 de xullo de 1997.

Esta Alcaldía, eleva ao Concello Pleno a seguinte **PROPOSTA**:

PRIMEIRO.- As sesións plenarias ordinarias terán unha periodicidade mensual, agás no mes de agosto que non se celebrará, e ás 12.00 horas do derradeiro xoves hábil de cada mes, en



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

primeira convocatoria, e dous días hábiles despois, á mesma hora, en segunda convocatoria. Se tampouco nesta segunda convocatoria se acadara o quórum necesario, os asuntos previstos a tratar pospoñeranse para o estudo na primeira sesión que se celebre con posterioridade, sexa ordinaria ou extraordinaria.

No caso de que a devandita data coincida con día festivo, celebrarase Pleno ordinario o inmediato día hábil anterior á data correspondente, á mesma hora.

SEGUNDO.- *Facultar ao Sr. alcalde, previa consulta cos voceiros de todos os grupos municipais, e por razóns debidamente xustificadas, para alterar o horario establecido no punto primeiro do presente acordo.*

TERCEIRO.- *O Pleno celebrará sesión extraordinaria, cando así o decida o Sr. alcalde, ou o solicite a cuarta parte, alomenos, do número legal de membros da Corporación, de conformidade coa regulación contida no artigo 46.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.*

CUARTO.- *O Pleno celebrará sesión extraordinaria urxente cando o convoque o Sr. alcalde cando a urxencia do asunto ou asuntos a tratar non permita convocar a sesión extraordinaria coa antelación mínima de dous días hábiles esixida polo artigo 46 da Lei de Bases do Réxime Local.*

QUINTO.- *Delegar no alcalde-presidente do concello o exercicio das seguintes atribucións de entre as que se indican no artigo 22, sendo delegables conforme o indicado no apartado 4º, e que exclúen as enunciadas no número 2), letras a), b), c), d), e), f), g), h), i), l) e p), e no número 3) do artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local:*

- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria.

- A declaración de lesividade dos actos do Concello.

- A concertación das operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceder do 10 por cento dos recursos ordinarios do Orzamento -salvo as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior- todo iso de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.

-A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.

Delegación que comprenderá todas as facultades, incluída a de adopción de acordos que afecten a terceiros.

Estas competencias serán, no seu caso aceptadas polo órgano a quen se encomenda, e se publicará no Boletín oficial da Provincia de acordo co artigo 51 do ROF e se insertará no Taboleiro de anuncios do concello.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

SEXTO.- Proceder á publicación do presente acordo, para o seu xeral coñecemento no Boletín oficial da provincia da Coruña”

A Presidencia abre a quenda para o debate

Toma a palabra **don Luís Pena Mosquera**, concelleiro do Bloque Nacionalista Galego (BNG), indicando que non foron consultados no relativo as delegacións do Pleno na Alcaldía, polo que o seu voto vai ser a abstención.

Toma a palabra **don Santiago José Rodríguez Piñeiro**, do Partido Popular (PP) que indica que a proposta do seu partido era facer os Pleno pola tarde, polo que o seu voto vai ser en contra.

Sen máis intervencións, sométese a votación a **proposta**, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 9 votos a favor**: 9 dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE D. Bernardo Fernández Piñeiro, D^a M^a Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D^a Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Joshua Dopico López, D^a. Manuela García Fachal; **2 abstencións** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do BNG, D. Luís Pena Mosquera e D^a. M^a Rocío Souto Torre, e **2 votos en contra** dos concelleiro e concelleiras do Grupo Municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D^a. Montserrat Pico Rodeiro; o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- As sesións plenarias ordinarias terán unha periodicidade mensual, agás no mes de agosto que non se celebrará, e ás 12.00 horas do derradeiro xoves hábil de cada mes, en primeira convocatoria, e dous días hábiles despois, á mesma hora, en segunda convocatoria. Se tampouco nesta segunda convocatoria se acadara o quórum necesario, os asuntos previstos a tratar pospoñeranse para o estudo na primeira sesión que se celebre con posterioridade, sexa ordinaria ou extraordinaria.

No caso de que a devandita data coincida con día festivo, celebrarase Pleno ordinario o inmediato día hábil anterior á data correspondente, á mesma hora.

SEGUNDO.- Facultar ao Sr. alcalde, previa consulta cos voceiros de todos os grupos municipais, e por razóns debidamente xustificadas, para alterar o horario establecido no punto primeiro do presente acordo.

TERCEIRO.- O Pleno celebrará sesión extraordinaria, cando así o decida o Sr. alcalde, ou o solicite a cuarta parte, alomenos, do número legal de membros da Corporación, de conformidade coa regulación contida no artigo 46.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

CUARTO.- O Pleno celebrará sesión extraordinaria urxente cando o convoque o Sr. alcalde cando a urxencia do asunto ou asuntos a tratar non permita convocar a sesión extraordinaria coa antelación mínima de dous días hábiles esixida polo artigo 46 da Lei de Bases do Réxime Local.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

QUINTO.- Delegar no alcalde-presidente do concello o exercicio das seguintes atribucións de entre as que se indican no artigo 22, sendo delegables conforme o indicado no apartado 4º, e que exclúen as enunciadas no número 2), letras a), b), c), d), e), f), g), h), i), l) e p), e no número 3) do artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local:

- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria.

- A declaración de lesividade dos actos do Concello.

- A concertación das operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceder do 10 por cento dos recursos ordinarios do Orzamento -salvo as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior- todo iso de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.

-A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.

Delegación que comprenderá todas as facultades, incluída a de adopción de acordos que afecten a terceiros.

Estas competencias serán, no seu caso aceptadas polo órgano a quen se encomenda, e se publicará no Boletín oficial da Provincia de acordo co artigo 51 do ROF e se insertará no Taboleiro de anuncios do concello.

SEXTO.- Proceder á publicación do presente acordo, para o seu xeral coñecemento no Boletín oficial da provincia da Coruña

2.- CREACIÓN, COMPOSICIÓN E RÉXIME DE SESIÓNS DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES

A Secretaria xeral da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO

EXPDTE 2023/G006/000113

ASUNTO.- CREACIÓN, COMPOSICIÓN E RÉXIME DE SESIÓNS DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.

EXPDTE. 2023/X999/000121 ORGANIZACIÓN MUNICIPAL MANDATO CORPORATIVO 2023-2027

De conformidade có disposto no artigo 20.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local nos municipios de máis de 5.000 habitantes existirán, se a súa



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

lexislación autonómica non prevé neste ámbito outra forma organizativa, órganos que teñan por obxecto o estudo, informe e consulta dos asuntos que han de ser sometidos á decisión do Pleno, así como o seguimento da xestión do Alcalde, a xunta de goberno local e os concelleiros que ostenten delegacións, sen prexuízo das competencias de control que corresponden ao Pleno, tendo todos os grupos políticos integrantes da Corporación dereito a participar nos devanditos órganos, mediante a presenza de concelleiros pertencentes aos mesmos.

Visto que a teor do regulado nos artigos 66 e 68 da Lei de Administración Local de Galicia do 22 de xullo de 1.997, se constituirán Comisións de Estudio, Informe e Consulta en todos os municipios de máis de cinco mil habitantes, correspondendo ao Pleno a determinación do número e denominación das devanditas Comisións, as cales estarán integradas polos membros que designen os distintos grupos políticos que forman parte da Corporación. O número dos seus membros será proporcional á súa representatividade no Concello.

Visto que en virtude do establecido no artigo 212.1 da antedita Lei Autonómica, a periodicidade das sesións ordinarias das Comisións de Estudio, Informe e Consulta será determinada polo Pleno, sendo preceptiva, en todo caso, a reunión das devanditas Comisións con anterioridade ao pronunciamento do Pleno en asuntos da súa materia, nos días e horas que estableza o Alcalde, segundo se sinala no artigo 134.1) do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Visto que de conformidade con o disposto no artigo 127 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Comisión Especial de Contas, á que corresponde o exame, estudio e informe de todas as contas, orzamentarias e extraorzamentarias, que debe aprobar o Pleno da Corporación, é de existencia preceptiva, segundo dispón o artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e a súa constitución, composición e integración e funcionamento axústase ao establecido ás demais Comisións Informativas.

Atendendo a que en virtude do regulado no artigo 66 da Lei de Administración Local de Galicia do 22 de xullo de 1997, a Comisión Especial de Contas estará constituída polos membros dos distintos grupos políticos da Corporación e o número de membros será proporcional á súa representatividade no Concello.

Considerando os parámetros de poboación, potencialidade económica e complexidade xurídico-administrativa deste Municipio, é necesaria a creación das Comisións Informativas de carácter permanente seguintes:

- *Comisión Informativa Especial de Contas, que poderá funcionar como Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos e Facenda.*
- *Comisión Informativa Permanente de Estudio, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno*

En consecuencia co anterior, e atendendo ao disposto no artigo 125.b) do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e de conformidade co disposto no artigo 68.5, en relación co



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

66.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de administración local de Galicia, esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

PRIMEIRO.- Crear a Comisión Informativa Especial de Contas, que poderá funcionar como Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos e Facenda, que estará composta de sete membros, incluídos o Presidente, distribuídos do seguinte xeito entre os Grupos Políticos:

Cinco membros do Grupo Político PSdeG-PSOE, un do grupo político PP e un do Grupo Político BNG

SEGUNDO.- Crear a Comisión Informativa Permanente de Estudio, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno, que estará composta de sete membros, incluídos o Presidente, distribuídos do seguinte xeito entre os Grupos Políticos:

Cinco membros do Grupo Político PSdeG-PSOE, un do grupo político PP e un do Grupo Político BNG

TERCEIRO.- Fixar a periodicidade das sesións ordinarias da Comisión Informativa Permanente de Estudio, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno con carácter mensual e con anterioridade ao pronunciamento do Pleno en asuntos da súa materia.

Ás sesións constitutivas das Comisións informativas asistirá, ademais, o Sr. alcalde, presidente nato de todas elas, ao obxecto de proceder a formular a proposta de delegación da presidencia efectiva das mesmas, no seu caso.

Celebraranse como mínimo con tres días de antelación á sesión Plenaria ordinaria na que se vaian adoptar acordos previamente ditaminados pola Comisión Informativa Permanente, en día e hora que estableza o Alcalde Presidente ou Presidente de cada Comisión, quenenes poderán convocar sesións extraordinarias ou urxentes das mesmas.

A periodicidade mensual, poderá ser superior no caso de que no citado espacio de tempo non existan asuntos a tratar por algunha das comisións, extremo que deberá ser decidido polo Sr. alcalde ou o presidente da comisión de que se trate, de ser distinto, implicará a non convocatoria da mesma, ata o vindeiro mes, de ser o caso.

Convocaranse sesións extraordinarias a solicitude da cuarta parte, alomenos, dos membros da Comisión, de conformidade co disposto no artigo 134.1. do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

A creación da Comisión Especial de Contas, composta por sete membros, na proporción da representación dos grupos políticos municipais na Corporación, consonte co disposto no artigo 127 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e de conformidade co disposto no artigo 66 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de administración local de Galicia, celebrará sesión para o estudio e informe de tódalas contas, orzamentarias e extraorzamentarias, que deba aprobar o Pleno da Corporación.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Atendendo ao previsto no artículo 135 do ROF: La válida celebración de las sesiones requiere la presencia de la mayoría absoluta de los componentes de la Comisión, ya sean titulares o suplentes, en primera convocatoria y un mínimo de tres miembros en segunda convocatoria una hora más tarde."

A Presidencia abre a quenda para o debate

Toma a palabra **don Luis Pena Mosquera**, concelleiro do Bloque Nacionalista Galego (BNG), indicando a creación das comisións son cuestións organizativas do equipo de goberno, que lle parece ben "mínimo de tres días de antelación á sesión Plenaria", pero pide que se poden realizarse o xoves ou o venres anterior; porque sería moi interesante para poder ter un pouco máis de tempo para traballar os asuntos que se someten a Pleno.

Toma a palabra o **Sr. Presidente**, indicando que depende un pouco da tramitación dos expediente, que ás veces remátanse con moi pouco tempo para poder celebrar as comisións con anterioridade. Pero indica que no caso de que os expedientes están rematados non hai inconveniente en celebrar antes as sesións das comisións informativas.

Toma a palabra **dona Alejandra Bellón Tenreiro** do Partido Socialista de Galicia (PSdG-PSOE), para indicar que depende do persoal funcionario do tempo que haxa para montar o expediente e facer a convocatoria das comisións.

Sen máis intervencións, sométese a votación a **proposta**, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 9 votos a favor**: 9 dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE D. Bernardo Fernández Piñeiro, D^a M^a Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D^a Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D^a Ángela Piñeiro Carrera,, D. Joshua Dopico López, D^a. Manuela García Fachal; e **4 abstencións**: 2 dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do BNG, D. Luís Pena Mosquera e D^a. M^a Rocío Souto Torre e 2 dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PP, D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D^a. Montserrat Pico Rodeiro; o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Crear a Comisión Informativa Especial de Contas, que poderá funcionar como Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos e Facenda, que estará composta de sete membros, incluídos o Presidente, distribuídos do seguinte xeito entre os Grupos Políticos:

Cinco membros do Grupo Político PSdeG-PSOE, un do grupo político PP e un do Grupo Político BNG

SEGUNDO.- Crear a Comisión Informativa Permanente de Estudio, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno, que estará composta de sete membros, incluídos o Presidente, distribuídos do seguinte xeito entre os Grupos Políticos:

Cinco membros do Grupo Político PSdeG-PSOE, un do grupo político PP e un do Grupo Político BNG



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TERCEIRO.- Fixar a periodicidade das sesións ordinarias da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno con carácter mensual e con anterioridade ao pronunciamento do Pleno en asuntos da súa materia.

Ás sesións constitutivas das Comisións informativas asistirá, ademais, o Sr. alcalde, presidente nato de todas elas, ao obxecto de proceder a formular a proposta de delegación da presidencia efectiva das mesmas, no seu caso.

Celebraranse como mínimo con tres días de antelación á sesión Plenaria ordinaria na que se vaian adoptar acordos previamente ditaminados pola Comisión Informativa Permanente, en día e hora que estableza o Alcalde Presidente ou Presidente de cada Comisión, quenes poderán convocar sesións extraordinarias ou urxentes das mesmas.

A periodicidade mensual, poderá ser superior no caso de que no citado espacio de tempo non existan asuntos a tratar por algunha das comisións, extremo que deberá ser decidido polo Sr. alcalde ou o presidente da comisión de que se trate, de ser distinto, implicará a non convocatoria da mesma, ata o vindeiro mes, de ser o caso.

Convocaranse sesións extraordinarias a solicitude da cuarta parte, alomenos, dos membros da Comisión, de conformidade co disposto no artigo 134.1. do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

A creación da Comisión Especial de Contas, composta por sete membros, na proporción da representación dos grupos políticos municipais na Corporación, consonte co disposto no artigo 127 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e de conformidade co disposto no artigo 66 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de administración local de Galicia, celebrará sesión para o estudo e informe de tódalas contas, orzamentarias e extraorzamentarias, que deba aprobar o Pleno da Corporación.

Atendendo ao previsto no artículo 135 do ROF: La válida celebración de las sesiones requiere la presencia de la mayoría absoluta de los componentes de la Comisión, ya sean titulares o suplentes, en primera convocatoria y un mínimo de tres miembros en segunda convocatoria una hora más tarde.

3.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS COMPETENCIA DO PLENO.

A Secretaria xeral da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

EXPDTE 2023/G006/000114



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ASUNTO.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS COMPETENCIA DO PLENO.

EXPDTE. 2023/X999/000121 ORGANIZACIÓN MUNICIPAL MANDATO CORPORATIVO 2023-2027

De conformidade co disposto no artigo 38.c) do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, esta Alcaldía Presidencia, en relación co nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexidados competencia do Pleno, propón ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Nomear representante do Concello no Consello Escolar do IES Breamo, a dona Alejandra Bellón Tenreiro, como titular e ao Sr. alcalde como suplente da anterior.

SEGUNDO.- Nomear representante do Concello no Consello Escolar do IES Fragas do Eume, a dona Alejandra Bellón Tenreiro, como titular e ao Sr. alcalde como suplente da anterior.

TERCEIRO.- Nomear representante do Concello no Consello Escolar do Colexio Público de Andrade, a dona Alejandra Bellón Tenreiro, como titular e ao Sr. alcalde como suplente da anterior.

CUARTO.- Nomear representante do Concello no Consello Escolar do Colexio Público Couceiro Freijomil, a dona Alejandra Bellón Tenreiro, como titular e ao Sr. alcalde como suplente da anterior.

QUINTO.- Nomear representante do Concello na Comisión de Participación Cidadá da Área Sanitaria de Ferrol, a dona María Rosario Huertas Garabana e como suplente ao Sr. alcalde-presidente.

SEXTO.- Nomear como representante do Concello de Ponte deume nos órganos reitores do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, ao Sr. alcalde e como suplente a dona María Rosario Huertas Garabana

SÉTIMO.- Nomear como representante do Concello de Ponte deume na Xunta Reitora do Parque Natural Fragas do Eume ao Sr. alcalde e como suplente a D. José Simoes Couceiro.

OITAVO: Nomear como representante do Concello de Ponte deume no Grupo de Acción local de Pesca "Golfo Artabro Norte" ao Sr. alcalde e como suplente a dona Ángela Piñeiro Carrera.

NOVENO: Nomear como representante do Concello de Ponte deume na "Asociación Seitura 22" a dona Ángela Piñeiro Carrera e como suplente a dona Alejandra Bellón Tenreiro.

DÉCIMO: Nomear como representante do Concello de Ponte deume na "Asociación de Concellos do Camiño Inglés" ao Sr. alcalde e como suplente a dona Ángela Piñeiro Carrera.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

UNDÉCIMO. - Nomear como representante do Concello de Ponte deume no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade ao Sr. alcalde e como suplente a Dona María Rosario Huertas Garabana.

DUODÉCIMO. - Nomear como representante do Concello de Ponte deume na Rede de entidades locais da FEMP para desenvolver os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) da Axenda 2030 ao Sr. alcalde e como suplente a Dona María Rosario Huertas Garabana.

DÉCIMO TERCEIRO. - Nomear como representante do Concello de Ponte deume na Rede Española de Cidades Saudables ao Sr. alcalde e como suplente a Dona María Rosario Huertas Garabana.

DÉCIMO CUARTO. - Nomear como representante do Concello de Ponte deume na Asociación de concellos para a xestión da comarca do Eume ao Sr. alcalde e como suplente a Dona Ángela Piñeiro Carrera

DÉCIMO QUINTO. - Publicar integramente o acordo que resulte no Taboleiro de Anuncios de esta Entidade, así como comunicar ós órganos colexiados indicados os representantes municipais nomeados.”

A Presidencia abre a quenda para o debate

Sen intervencións, sométese a votación a **proposta**, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 9 votos a favor**: 9 dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE D. Bernardo Fernández Piñeiro, D^a M^a Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D^a Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Joshua Dopico López, D^a. Manuela García Fachal; e **4 abstencións**: 2 dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do BNG, D. Luis Pena Mosquera e D^a. M^a Rocío Souto Torre e 2 dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PP, D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D^a. Montserrat Pico Rodeiro; o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Nomear representante do Concello no Consello Escolar do IES Breamo, a dona Alejandra Bellón Tenreiro, como titular e ao Sr. alcalde como suplente da anterior.

SEGUNDO.- Nomear representante do Concello no Consello Escolar do IES Fragas do Eume, a dona Alejandra Bellón Tenreiro, como titular e ao Sr. alcalde como suplente da anterior.

TERCEIRO.- Nomear representante do Concello no Consello Escolar do Colexio Público de Andrade, a dona Alejandra Bellón Tenreiro, como titular e ao Sr. alcalde como suplente da anterior.

CUARTO.- Nomear representante do Concello no Consello Escolar do Colexio Público Couceiro Freijomil, a dona Alejandra Bellón Tenreiro, como titular e ao Sr. alcalde como suplente da anterior.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

QUINTO.- Nomear representante do Concello na Comisión de Participación Cidadá da Área Sanitaria de Ferrol, a dona María Rosario Huertas Garabana e como suplente ao Sr. alcalde-presidente.

SEXTO.- Nomear como representante do Concello de Ponte deume nos órganos reitores do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, ao Sr. alcalde e como suplente a dona María Rosario Huertas Garabana

SÉTIMO.- Nomear como representante do Concello de Ponte deume na Xunta Reitora do Parque Natural Fragas do Eume ao Sr. alcalde e como suplente a D. José Simoes Couceiro.

OITAVO: Nomear como representante do Concello de Ponte deume no Grupo de Acción local de Pesca “Golfo Artabro Norte” ao Sr. alcalde e como suplente a dona Ángela Piñeiro Carrera.

NOVENO: Nomear como representante do Concello de Ponte deume na “Asociación Seitura 22” a dona Ángela Piñeiro Carrera e como suplente a dona Alejandra Bellón Tenreiro.

DÉCIMO: Nomear como representante do Concello de Ponte deume na “Asociación de Concellos do Camiño Inglés” ao Sr. alcalde e como suplente a dona Ángela Piñeiro Carrera.

UNDÉCIMO.- Nomear como representante do Concello de Ponte deume no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade ao Sr. alcalde e como suplente a Dona María Rosario Huertas Garabana.

DUODÉCIMO. - Nomear como representante do Concello de Ponte deume na Rede de entidades locais da FEMP para desenvolver os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) da Axenda 2030 ao Sr. alcalde e como suplente a Dona María Rosario Huertas Garabana.

DÉCIMO TERCEIRO. - Nomear como representante do Concello de Ponte deume na Rede Española de Cidades Saudables ao Sr. alcalde e como suplente a Dona María Rosario Huertas Garabana.

DÉCIMO CUARTO. - Nomear como representante do Concello de Ponte deume na Asociación de concellos para a xestión da comarca do Eume ao Sr. alcalde e como suplente a Dona Ángela Piñeiro Carrera

DÉCIMO QUINTO.- Publicar integramente o acordo que resulte no Taboleiro de Anuncios de esta Entidade, así como comunicar ós órganos colexiados indicados os representantes municipais nomeados.

4. DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Secretaria xeral da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

"PROPOSTA DE ACORDO

EXPDTE 2023/G006/000115

ASUNTO.- DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

EXPDTE. 2023/X999/000121 ORGANIZACIÓN MUNICIPAL MANDATO CORPORATIVO 2023-2027

Tendo en conta o comezo dun novo mandato corporativo 2023-2027, trala celebración das eleccións municipais o 28 de maio de 2023, o cal comporta a determinación de aspectos de natureza organizativa.

*Para dar cumprimento ao disposto ao abeiro do disposto no artigo 211 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, **PROPOÑO:***

PRIMEIRO.-*Fixar a periodicidade das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local do Concello de Ponte deume, quincenalmente os xoves, ás 13:00 horas na Casa do Concello.*

No caso de que a devandita data coincida con día festivo, celebrarase sesión ordinaria o inmediato día hábil anterior á data correspondente, á mesma hora.

SEGUNDO.- *Facultar ao sr. Alcalde, previa consulta cos membros da Xunta de Goberno local, e por razóns debidamente xustificadas, para alterar o horario establecido no punto primeiro do presente acordo"*

A Presidencia abre a quenda para o debate

Sen intervencións, sométese a votación a **proposta**, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 9 votos a favor**: 9 dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE D. Bernardo Fernández Piñeiro, D^a M^a Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D^a Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D^a Ángela Piñeiro Carrera,, D. Joshua Dopico López, D^a. Manuela García Fachal; e **4 abstencións**: 2 dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do BNG, D. Luís Pena Mosquera e D^a. M^a Rocío Souto Torre e 2 dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PP, D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D^a. Montserrat Pico Rodeiro; o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.-*Fixar a periodicidade das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local do Concello de Ponte deume, quincenalmente os xoves, ás 13:00 horas na Casa do Concello.*

No caso de que a devandita data coincida con día festivo, celebrarase sesión ordinaria o inmediato día hábil anterior á data correspondente, á mesma hora.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

SEGUNDO.- Facultar ao sr. Alcalde, previa consulta cos membros da Xunta de Goberno local, e por razóns debidamente xustificadas, para alterar o horario establecido no punto primeiro do presente acordo.

5. DETERMINACIÓN DAS INDEMNIZACIÓNS POR ASISTENCIAS A ÓRGANOS COLEXIADOS DOS MEMBROS CORPORATIVOS

A Secretaria xeral da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

EXPDTE 2023/G006/000116

ASUNTO.- DETERMINACIÓN DAS INDEMNIZACIÓNS POR ASISTENCIAS A ÓRGANOS COLEXIADOS DOS MEMBROS CORPORATIVOS

EXPDTE. 2023/X999/000121 ORGANIZACIÓN MUNICIPAL MANDATO CORPORATIVO 2023-2027

O artigo 75.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e o artigo 13.5 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dispoñen que os membros das Corporacións locais percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións públicas e as que en desenvolvemento das mesmas aprobe o Pleno corporativo.

Por parte desta Alcaldía, unha vez estruturada a composición das Comisións Informativas Permanentes, Xuntas de Goberno e Pleno, establécese a adopción do seguinte réxime de asistencia a órganos colexiados dos membros corporativos.

Visto o informe de Intervención de fiscalización de data 22/06/2023

PROPOÑO:

PRIMEIRO.- Todos os membros da Corporación, agás os que desempeñen o seu cargo con dedicación exclusiva ou parcial, percibirán asistencia pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, nas seguintes contías:

- A.- Por asistencia a Plenos: 90 euros
- B.- Por asistencia a Xunta de Goberno: 50 euros
- C.- Por asistencia a Comisións Informativas: 50 euros

SEGUNDO.- Aqueles membros da corporación que realicen comisións de servizo fóra do termo municipal terán dereito a ser indemnizados mediante axudas de custo polo importe



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

establecido para o grupo 1 no Real Decreto 462/2002, de 4 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

A indemnización que se percibirá como gasto da viaxe polo uso do vehículo particular en comisión de servizo será a cantidade por quilómetro percorrido que se indica no Real Decreto citado no punto anterior e demais normas posteriores de actualización.

En canto ao réxime de indemnizacións aplicable será o que aprobe o propio Concello no presente acordo ou actualizacións posteriores, se procede, e, no non previsto serán de aplicación, as normas xerais de aplicación establecidas no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre Indemnizacións por razón do servizo, en aquilo que poida ser compatible ao persoal electo das Entidades Locais, ou normativa posterior que sexa de aplicación.

TERCEIRO.- O presente acordo deixa sen efecto calquera outro que sexa contrario ao nel establecido.

CUARTO.- Publicar integramente no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios da Corporación os acordos plenarios referentes a indemnizacións e asistencias dos membros da Corporación Local, para os efectos do previsto no art. 75.5 da Lei 7/85, Reguladora das Bases do Réxime Local e dar traslado aos departamentos municipais correspondentes para dar cumprimento ao mesmo.”

A Presidencia abre a quenda para o debate

Toma a palabra **don Luís Pena Mosquera**, concelleiro do Bloque Nacionalista Galego (BNG), que entende que as cantidades indicadas non variaron con respecto ao mandato corporativo anterior, que o consideran suficiente, e que o seu voto vai ser a abstención.

Toma a palabra dona **Alejandra Bellón Tenreiro**, concelleira do PSdG-PSOE que ratifica que se manteñen as mesmas cantidades que no mandato anterior.

Sen máis intervencións, sométese a votación a **proposta**, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 9 votos a favor**: 9 dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdG-PSOE D. Bernardo Fernández Piñeiro, D^a M^a Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D^a Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Joshua Dopico López, D^a. Manuela García Fachal; e **4 abstencións**: 2 dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do BNG, D. Luís Pena Mosquera e D^a. M^a Rocío Souto Torre e 2 dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PP, D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D^a. Montserrat Pico Rodeiro; o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Todos os membros da Corporación, agás os que desempeñen o seu cargo con dedicación exclusiva ou parcial, percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, nas seguintes contías:

A.- Por asistencia a Plenos: 90 euros

B.- Por asistencia a Xunta de Goberno: 50 euros



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

C.- Por asistencia a Comisións Informativas: 50 euros

SEGUNDO.- Aqueles membros da corporación que realicen comisións de servizo fóra do termo municipal terán dereito a ser indemnizados mediante axudas de custo polo importe establecido para o grupo 1 no Real Decreto 462/2002, de 4 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

A indemnización que se percibirá como gasto da viaxe polo uso do vehículo particular en comisión de servizo será a cantidade por quilómetro percorrido que se indica no Real Decreto citado no punto anterior e demais normas posteriores de actualización.

En canto ao réxime de indemnizacións aplicable será o que aprobe o propio Concello no presente acordo ou actualizacións posteriores, se procede, e, no non previsto serán de aplicación, as normas xerais de aplicación establecidas no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre Indemnizacións por razón do servizo, en aquilo que poida ser compatible ao persoal electo das Entidades Locais, ou normativa posterior que sexa de aplicación.

TERCEIRO.- O presente acordo deixa sen efecto calquera outro que sexa contrario ao nel establecido.

CUARTO.- Publicar integramente no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios da Corporación os acordos plenarios referentes a indemnizacións e asistencias dos membros da Corporación Local, para os efectos do previsto no art. 75.5 da Lei 7/85, Reguladora das Bases do Réxime Local e dar traslado aos departamentos municipais correspondentes para dar cumprimento ao mesmo.

6.- DETERMINACIÓN DO RÉXIME DE DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS

A Secretaria xeral da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO

EXPDTE 2023/G006/000117

ASUNTO.- DETERMINACIÓN DO RÉXIME DE DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS

EXPDTE. 2023/X999/000121 ORGANIZACIÓN MUNICIPAL MANDATO CORPORATIVO 2023-2027

Logo de que por Decreto de Alcaldía de data 21/06/2023, se resolveu, entre outros, outorgar as delegación da alcaldía nos concelleiros e concelleiras do equipo de goberno.

Considerando o establecido nos artigos 75 bis e ter da Lei 7/1985, do 2 de abril, segundo as modificacións introducidas pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Á vista do contido do informe da intervención municipal 22/06/2023

Acreditado segundo indica a Intervención municipal que para o abono de retribucións e as correspondentes cotas da Seguridade Social, aos membros electos que a Alcaldía propón para desempeñar o seu cargo en réxime de dedicación exclusiva e parcial existe crédito adecuado e suficiente no orzamento municipal en vigor para o restante do ano 2023, producíndose polo mesmo importe unha reserva ou retención de crédito para dito gasto durante os meses restantes ata a finalización.

Atendendo a que a normativa de aplicación indicada establece que nos concellos con poboación comprendida entre 3.001 e 10.000 habitantes, que segundo as cifras de poboación en vigor para o ano 2023 é o tramo que corresponde ao concello de Ponte deume, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva no excederá de tres.

Tendo en conta que os Orzamentos Xerais do Estado determinarán, anualmente, o límite máximo total que poden percibir os membros das Corporacións Locais por todos os conceptos retributivos e asistencias, excluídos os trienios aos que no seu caso teñan dereito aqueles funcionarios de carreira que se atopen en situación de servizos especiais, atendendo entre outros criterios á natureza da Corporación local e á súa poboación segundo a táboa contida no artigo 75 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, para o tramo poboacional de Ponte deume corresponde a:

5.001 a 10.000 Secretario de Estado -55%.

En aplicación do artigo 75 e seguintes da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, así como no artigo 13 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento, e réxime xurídico das entidades locais, que fixan o réxime de retribucións e compatibilidades, **PROPOÑO:**

PRIMEIRO.- Recoñecer o desempeño con dedicación exclusiva, cunha xornada laboral semanal completa de 37,5 horas, ao cargo correspondente ao concelleiro/a delegado da área de urbanismo e infraestruturas, e asignar unha retribución bruta anual de 30.000,00 € (trinta mil euros) dividida en 14 pagas de devengo mensual (doce ordinarias, que se abonarán xunto coa nómina do persoal municipal e dúas extraordinarias, que se devengarán o día de 1 de xuño e o día 1 de decembro de cada ano) e experimentará iguais variacións que as que se establezan para o persoal funcionario nas Leis anuais de orzamentos xerais do Estado ou outra normativa que regule as ditas variacións, con igual extensión e efectos.

Estas retribucións serán incompatibles coas de outras retribucións con cargo ós orzamentos das administracións públicas e dos entes, organismos ou empresas de elas dependentes, así como para o desenrolo doutras actividades nos termos da Lei 53/1984 de 26 de decembro.

SEGUNDO.- Recoñecer o desempeño con dedicación exclusiva, cunha xornada laboral semanal completa de 37,5 horas, ao cargo correspondente ao concelleiro/a delegado da área de servizos sociais, igualdade e economía e facenda, e asignar unha retribución bruta anual de 30.000,00 € (trinta mil euros) dividida en 14 pagas de devengo mensual (doce ordinarias, que



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

se abonarán xunto coa nómina do persoal municipal e dúas extraordinarias, que se devengarán o día de 1 de xuño e o día 1 de decembro de cada ano) e experimentará iguais variacións que as que se establezan para o persoal funcionario nas Leis anuais de orzamentos xerais do Estado ou outra normativa que regule as ditas variacións, con igual extensión e efectos.

Estas retribucións serán incompatibles coas de outras retribucións con cargo ós orzamentos das administracións públicas e dos entes, organismos ou empresas de elas dependentes, así como para o desenrolo doutras actividades nos termos da Lei 53/1984 de 26 de decembro.

TERCEIRO.- Recoñecer o desempeño con dedicación exclusiva, cunha xornada laboral semanal completa de 37,5 horas, ao cargo correspondente ao concelleiro/a con delegación especial do servizo de parroquias e obras e servizos, e asignar unha retribución bruta anual de 30.000,00 € (trinta mil euros) dividida en 14 pagas de devengo mensual (doce ordinarias, que se abonarán xunto coa nómina do persoal municipal e dúas extraordinarias, que se devengarán o día de 1 de xuño e o día 1 de decembro de cada ano) e experimentará iguais variacións que as que se establezan para o persoal funcionario nas Leis anuais de orzamentos xerais do Estado ou outra normativa que regule as ditas variacións, con igual extensión e efectos.

Estas retribucións serán incompatibles coas de outras retribucións con cargo ós orzamentos das administracións públicas e dos entes, organismos ou empresas de elas dependentes, así como para o desenrolo doutras actividades nos termos da Lei 53/1984 de 26 de decembro.

CUARTO.- Recoñecer o desempeño de dedicación parcial do 85%, cunha xornada laboral semanal de 31,8 horas, ao cargo correspondente ao concelleiro/a delegado da área de comercio, cooperación no ensino e cultura, cunha retribución bruta anual de 25.500,00 € (vinte e cinco mil cincocentos euros) dividida en 14 pagas de devengo mensual (doce ordinarias que se abonarán xunto coa nómina do persoal municipal e dúas extraordinarias, que se devengarán o día de 1 de xuño e o día 1 de decembro de cada ano) e experimentará iguais variacións que as que se establezan para o persoal funcionario nas Leis anuais de orzamentos xerais do Estado ou outra normativa que regule as ditas variacións, con igual extensión e efectos

QUINTO.- Recoñecer o desempeño de dedicación parcial do 85%, cunha xornada laboral semanal de 31,8 horas, ao cargo correspondente ao concelleiro/a con delegación especial en turismo, promoción económica e formación e emprego, cunha retribución bruta anual de 25.500,00 € (vinte e cinco mil cincocentos euros) dividida en 14 pagas de devengo mensual (doce ordinarias que se abonarán xunto coa nómina do persoal municipal e dúas extraordinarias, que se devengarán o día de 1 de xuño e o día 1 de decembro de cada ano) e experimentará iguais variacións que as que se establezan para o persoal funcionario nas Leis anuais de orzamentos xerais do Estado ou outra normativa que regule as ditas variacións, con igual extensión e efectos.

SEXTO.- Recoñecer o desempeño de dedicación parcial do 65%, cunha xornada laboral semanal de 24,3 horas, ao cargo correspondente ao concelleiro/a delegación especial en xuventude e deportes, participación cidadá e novas tecnoloxías, cunha retribución bruta anual



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

de 19.500,00 € (dezanove mil cincocentos euros) dividida en 14 pagas de devengo mensual (doce ordinarias que se abonarán xunto coa nómina do persoal municipal e dúas extraordinarias, que se devengarán o día de 1 de xuño e o día 1 de decembro de cada ano) e experimentará iguais variacións que as que se establezan para o persoal funcionario nas Leis anuais de orzamentos xerais do Estado ou outra normativa que regule as ditas variacións, con igual extensión e efectos.

SÉTIMO.- Recoñecer o desempeño de dedicación parcial do 55%, cunha xornada laboral semanal de 20,6 horas, ao cargo correspondente ao concelleiro/a con delegación especial en medio ambiente e parques e xardíns, cunha retribución bruta anual de 16.500,00 (dezaseis mil cincocentos euros) dividida en 14 pagas de devengo mensual (doce ordinarias que se abonarán xunto coa nómina do persoal municipal e dúas extraordinarias, que se devengarán o día de 1 de xuño e o día 1 de decembro de cada ano) e experimentará iguais variacións que as que se establezan para o persoal funcionario nas Leis anuais de orzamentos xerais do Estado ou outra normativa que regule as ditas variacións, con igual extensión e efectos

NOVENO.- Solicitar á Tesourería Xeral da Seguridade Social a alta, dos concelleiras/os con delegacións aos que se lles fixa dedicacións exclusivas e dedicacións parciais por medio do presente acordo, con efectos da data de aprobación, e asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da Seguridade Social impoñen ás empresas en relación cos traballadores ao seu servizo, asumindo a corporación o pago da cota empresarial correspondente.

DÉCIMO.- Publicar de forma íntegra no Boletín Oficial da Provincia e no Portal de Transparencia o presente acordo, aos efectos de seu xeral coñecemento e dar traslado aos departamentos municipais correspondentes para dar cumprimento ao mesmo.”

A Presidencia abre a quenda para o debate

Toma a palabra **don Luís Pena Mosquera**, concelleiro do BNG para indicar nun primeiro lugar que o traballo político debe ser pagado como corresponde, pero creen que o Concello non se pode converter nunha oficina de colocación dos concelleiros e concelleiras do PSOE. Di que lles sorprende que non haxa unha dedicación exclusiva completa tanto do alcalde nin do 1º tenente de alcalde; tamén lle sorprende que se dan as tres dedicacións exclusivas e completas como permite a Lei; pero que o 85% das dedicacións parciais que se dan están na súa opinión en “fraude de lei”, que se se leva ao extremo poderíase ter ata 9 dedicacións parciais ao 99,9%. Gustaríalles pedir no seo do Pleno, un informe xurídico externo que valide este tipo de asignacións. Continúa dicindo que tamén lle parece sorprendente que o criterio de manter as asignacións por asistencia aos Pleno e pola contra os salarios que abona o Concello se aumente un 50%, pasamos de ao redor de 120.000 euros a preto de 176.000. Continúa dicindo que o Pleno debe ser coñecedor, como órgano representante da veciñanza, de cales van ser nun futuro os soldos do alcalde e do 1º tenente de alcalde co fin da transparencia do goberno municipal, para ser coñecedores de por qué non se adican en pleno ao concello.

Toma a palabra don **Santiago Rodríguez Piñeiro**, concelleiro do PP que indica que a proposta que tiña o seu grupo era de reducir as dedicacións e como iso non ocorre o seu voto será en contra.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Toma a palabra dona **Alejandra Bellón Tenreiro**, concelleira do PSdG-PSOE, que responde ao Sr. Pena, que o que él considera unidade de colocación, é considerado por eles como pago retribuído polo traballo realizado polos concelleiros e concelleiras; que o traballo político debe ser retribuído; todos saben que a pesar de que teñen un porcentaxe de dedicación determinado do 85 % e do 55%, as horas que realmente se fan son 24 horas do día traballando para o concello. Quere lembrar que os informes da Intervención Municipal son favorables polo que non hai ningunha fraude de Lei. Continúa dicindo que con respecto aos salarios do alcalde e do 1º tenente alcalde hai unha declaración de intereses que se presentaron ao final do mandato anterior e ao principio deste, que se colgan no Portal de transparencia, onde está todos os datos relativos as retribucións persoais de cada un dos membros da corporación. Indica que as dedicación non son nominais, están recoñecidas para as competencia e as funcións que asumen os concelleiros e concelleiras. Quere recordar que no mandato pasado ela mesma e outra concelleira estiveron asumindo competencia sen ter ningunha dedicación, so cobrando as asistencias a Plenos e órganos colexiados. O que se está facendo é regular e remunerar o traballo que están facendo os concelleiros e concelleiras por este pobo. Respecto do incremento salarial, quere aportar o dato de que o incremento da subida dos convenios en España é dun 3,5% e aquí se está subindo un 2,20%, que son aproximadamente uns 40.000 euros. E indica que tampouco lles parece que esta suba sexa tan diferente ao que están a facer o resto dos concellos da comarca. Tamén quere lembrarlle ao Sr. Pena o que cobraban os membros do seu grupo municipal hai 15 anos o salario era entón, practicamente igual ao que na actualidade van a cobrar.

Toma a palabra o **Sr. Pena Mosquera**, indica que o aprobado inicialmente no ano 2019 foron 119.000 euros, e agora no 2023 estanse a aprobar 176.000, e pregunta cal é o criterio para aumentar o gasto en salarios; non pode ser o IPC, xa que é moito máis.

Toma a palabra **don Luis Pena Mosquera**, concelleiro do BNG, para indicar que a suba no importe de dedicacións a salarios políticos é dun 35 %

Toma a palabra a dona **Alejandra Bellón Tenreiro**, concelleira do PSdeG-PSOE para indicar que con respecto as dedicacións parciais a Lei non pon limitacións.

Reitera o **Sr. Pena Mosquera**, do BNG, que non limitar as dedicacións parciais fan posible dalas ata o 99,9 %, case unha exclusiva para librar da limitación propia da exclusiva, insiste en que politicamente lle parece unha fraude de lei. Pregúntalle á portavoz do PSdeG-PSOE, cal é o criterio do goberno, para non ter ningunha dedicación exclusiva do concello o alcalde e tenente de alcalde.

Responde a **Sra. Bellón Tenreiro**, do PSdeG-PSOE, que xa nos últimos catro anos nin o alcalde nin o tenente de alcalde tiveron dedicación salarial exclusiva do Concello, e a pesar diso a dedicación ao concello foi exclusiva e total, dedicando todas as horas que o Concello precisou que lle dedicasen; o que se demostra co resultado das eleccións municipais.

Insiste o **Sr. Pena Mosquera**, do BNG en saber se o alcalde e o tenente de alcalde tiñan dedicación exclusiva noutro traballo e aínda así se dedicaban en exclusiva ao traballo do Concello.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Responde a **Sra. Bellón Tenreiro**, que ela non ten porque saber que dedicación teñen no outro traballo.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde** para indicar que a dedicación que ten él como alcalde é a mesma que o concelleiro de BNG de San Sadurniño, que a do tenente alcalde de Carballo tamén de BNG, e que o concelleiro da oposición do BNG de Arteixo ou na oposición de Brión, en definitiva ten unha dedicación exclusiva nunha administración á que dedica moitísimo tempo, ao igual que a actividade de alcalde. Continúa dicindo que a súa xornada laboral non é de oito horas, senón de 12, 14 e 16, moitas veces; polo tanto e él quen se organiza o seu tempo; e insiste en que os cidadáns do concello valoraron positivamente este traballo cun resultado que é catro veces máis o que conseguiu o grupo do BNG. Continúa agora referíndose ao incremento salarial 2019-2023, que a diferenza está no incremento do 2,2% dos salarios das dedicacións que xa existían, e do salario das novas dedicacións parciais; así que agora haberá dúas persoas máis traballando; polo que se xa se fixo moito con 5 na pasada lexislatura, agora con 7, o traballo será mellor e máis. Continúa o Sr. Presidente indicando que hai 19 anos un concelleiro do BNG tiña un salario de corenta e pico mil euros, trece mil euros máis que o que van cobrar os concelleiros actuais, polo que non cree que o BNG poda dar leccións de salarios a ninguén; o concelleiro do BNG daquela dicía que perdía cartos con respecto ao seu traballo, pero ninguén lle obrigaba a estar de concelleiro; se ía cobrar menos puido terse presentado outra persoa no seu lugar. Continúa argumentando que no ano 2011 o Partido Popular aprobou un incremento das dedicacións que supoñía entono a 100.000 euros de tres persoas; e que se o actual goberno aplicase o mesmo criterio estaríamos a falar de 300.000 euros de custe do goberno local, fronte a 177.000 euros. Di que se pode seguir facendo demagogia con esta cuestión, pero non hai incrementos do 35% dos salarios, hai un incremento nas dedicacións; insiste en que os salarios so subiron un 2% pero que hai 2 dedicacións máis. Insiste tamén en que tamén deixaran de percibir as indemnizacións por asistencias a Xuntas de Goberno, Comisións e Plenos; o que implica aproximadamente 6000 euros menos a pagar nese concepto.

O **Sr. Alcalde** solicita que conste en acta, que él renuncia a todas as dietas que lle correspondería cobrar como membro dos órganos de goberno ao igual que fixo na anterior lexislatura, incluídas as de desprazamentos que as paga do seu peto, e ofrecese a traerlle ao concelleiro do BNG a conta do que leva gastado nos últimos catro anos; polo que insiste en que demagogia a que queira o BNG, pero leccións ningunha, porque reitera que un concelleiro so do BNG hai 19 anos cobraba o que van cobrar na actualidade 2 concelleiros; e se asimilamos os salarios de hai 19 aos cos de hoxe en día podíamonos ir a 60.000 euros. Insiste en que a xente ao ir a votar valora todo; a xestión do goberno, os resultados do goberno, valora as dedicación que tiveron durante os catro anos e co resultado acadado nas eleccións municipais a veciñanza de Ponte deume, respalda esta forma de actuar, que entende que a xente que está nun goberno ten que cobrar un salario para dedicarse por enteiro ao concello porque a xornada laboral dun político non é de 8 horas, senón das que fagan falta, e non é de luns a venres, senón de luns a domingo. Continúa dicindo que seguindo o discurso do Sr. Pena Mosquera, o traballo político hai que pagalo, polo tanto se alguén esta a realizar este traballo debe ser remunerado por elo; e non se está a falar de grandes salarios, son de 1.000 e 1.100 e pico. Indica que o 98% dos empregados deste concello cobran máis que algún dos concelleiros deste goberno. Respecto ao da fraude de lei, remítese o Sr. Presidente ao informe da



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Intervención municipal, e indica que as dedicacións non son ao 99% senón 2 dedicacións ao 85%, logo unha 65% e outra ao 55% e tres exclusivas; e incide en que a Lei permitiría dedicacións exclusivas cun importe de 52.000 euros, e que no concello estamos moi lonxe dese importe; indica tamén que na etapa do 2003 onde tamén gobernaba o PSdeG-PSOE había dúas dedicacións exclusivas de 90.000 euros; e agora hai 7 por 170.000 dun orzamento inicial aproximado a 7.800.000 e dun orzamento consolidado de 11.000.000 de euros; vanse incrementar 40.000 euros so os gastos do goberno.

Toma a palabra o **Sr. Pena Mosquera do BNG**, para indicar que poden dar leccións morais as que queiran. En primeiro lugar quere pedirlle ao Sr. Alcalde que lle indique o nome dalgún alcalde do BNG que teña dedicación exclusiva noutra administración, cousa que non existe; e reitera que seguen sen contestarlle a cal será o salario do primeiro tenente de alcalde. Continúa reiterando que o concello é unha oficina de colocación, e repite os datos para que conste en acta; a masa salarial do 2019 con respecto á masa salarial actual hai un incremento do 50%; masa salarial dos concelleiros no 2019 con respecto á actual incrementase nun 35%. O IPC acumulado do 2019-2023 será dunha orde dun 14-15%. Continúa reiterando que non sabe o soldo do primeiro tenente alcalde pero como di a portavoz, que se vai a publicar no portal de transparencia estarán atentos a esta publicación; e espera que con eses salarios nunha empresa con 7 concelleiros máis 2 (alcalde e tenente de alcalde) se vexa reflectido o traballo que fan.

Toma a palabra por alusións **don José Simoes Couceiro, concelleiro do PSdeG-PSOE**, para dicirlle ao Sr. Pena Mosquera, que non lle importa de onde vai cobrar no caso de que sexa dunha empresa privada; se chega a cobrar dunha administración pública o saberá pola Lei de transparencia. Na proposta de acordo o seu nome non aparece polo que non vai a cobrar do concello.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde**, que indica que sobre a consideración de oficina de colocación, todos os concelleiros, agás un, tiñan traballo antes de entrar no concello; algúns pediron excedencia e outros por imposibilidade de facelo tiveron que deixar o seu traballo; as oficinas de colocación son para persoas que están en situación de desemprego. Continúa dicindo que hai un pouco de hipocrísia por parte do Sr. Pena Mosquera, porque di que o traballo hai que pagalo pero logo parécelle moito que se lle pague aos 7 concelleiros e concelleiras que van traballar polo concello, ao que se pregunta o Sr. Presidente porque hai que limitar a 3 que cobren se están a traballar todos, entón quen tería que cobrar?. Continúa dicindo que o Sr. Pena Mosquera está mentindo ao dicir que hai un incremento do 50 % con respecto ao 2019, cousa que non é verdade, xa que o incremento é do 35 %. Continúa dicindo que o que cobren os demais membros do goberno no é cuestión deste concello porque non se paga con recursos do concello de Ponte deume, ao igual que tampouco él lle pregunta ao Sr Pena Mosquera canto cobra da administración onde traballa. Indica o Sr. Presidente que a él non lle importa dicir o que cobra, que é público e que o Sr. Pena Mosquera sábeo perfectamente, porque ten compañeiros de partido que cobran igual ca el. Indica que na lexislatura pasada é verdade que non había alcaldes do grupo político do BNG que cobrasen da deputación, pero na anterior lexislatura si que os houbo, porque na lexislatura 2015-2019 o alcalde Xosé Manuel Muíño Espasandín era deputado provincial e di que loxicamente hai menos alcaldes do BNG con dedicación exclusiva porque conta tan so con 6 deputados; pero si que é coñecedor de que para este novo mandato vai haber polo menos 2 tenentes de alcalde que ocupen postos de



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

deputado provincial, e sinala que o argumento do BNG e pobre. Dille que o criticaban porque dedicaba tempo a Deputación, porque cobraba da Deputación; e dille que debería ter un mínimo de lealdade institucional porque están co-gobernando xuntos na Deputación e non criticar, porque os seus compañeiros de partido están a facer o mesmo ca el. En tal caso, insiste o Sr. Presidente que os seus traballos tanto como alcalde como Deputado están á vista, xa que é de novo alcalde cunha maioría moi ampla de 9 concelleiros e concelleiras e o BNG ten dous; e tamén indica que vai repetir como deputado e portavoz na Deputación, polo que entende que tan mal non o está a facer. Insiste en que o BNG ve as cousas de maneira distinta segundo o lugar que ocupen, volvendo a reiterar que hai 19 anos un concelleiro do BNG cobraba 43.000 euros.

Toma a a palabra **don Rocio Souto Torre**, do grupo municipal do BNG para indicarlle ao Sr. Presidente que el é coñecedor de por que se cobraban eses cartos e cales foron as condicións naquel momento; a condición para o co-goberno, e di que o sabe perfectamente o Sr. Presidente; foi que o Sr. Alcalde ía ter unha dedicación exclusiva e o concelleiro do BNG outra. Continúa para preguntar cal é a diferenza entre os concelleiros e concelleiras actuais e os que entraron no 2015, que é o que variou dende que no 2015 cobraran dúas concelleiras 1000 euros que se dedicaron en corpo e alma a este concello; e agora resulta que este traballo é necesario que o fagan 7 persoas. Aplauda que esas concelleiras foron unhas “superwoman”.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde** para indicarlle que esas concelleiras cobraban 1400 euros, e que o traballo de dúas persoas non o van a facer agora 7 persoas; o volume de traballo que hai no concello na actualidade é maior que no 2015 e a falta de persoal fai que o traballo dos concelleiros e concelleiras exceda das súas funcións políticas; porque van informes que non teñen que facer, porque van recoller o lixo, porque van limpar o cemiterio...Os resultado dos logros deste goberno é grazas ao esforzo e dedicación en corpo e alma das persoas que hai detrás, que por iso se lles dea un salario, hai concellos onde todos os membros do goberno local teñen dedicacións e non pasa nada. Insiste que hai unha “dobre vara de medir” porque os seus argumentos son que se eres *“Bernardo alcalde de Ponte deume non podes ser deputado pero se eres Manuel Muiño alcalde do BNG, si”*; e os concelleiros de BNG que son membros do goberno ou tenentes de alcalde, eles si que teñen a capacidade de dedicarse en exclusiva á deputación o aos seus concellos. Di que non teñen argumentos porque non traballan, que para estar enfronte tamén hai que traballar, que os concelleiros e concelleiras do goberno van a moitos actos cando os do grupo do BNG non acoden e esa é a diferenza da capacidade de traballo e sacrificio entre os dous grupos; e por iso os veciños e veciñas de Ponte deume, lles deron 9 concelleiros e concelleiras e ao BNG 2. Reitera que sobre os salarios non hai os incrementos que o Sr. Pena Mosquera, que cando entrou no 2015 non coñecía o funcionamento dun concello pero que agora si, e co volume de traballo que hai máis dedicacións no 2023, e a maior cantidade a cobrar son 1600 euros dedicando algúns deles 12 horas diarias de luns a domingo.

Toma a palabra **don Rocio Souto Torre, concelleira do BNG** para dicir que estarán vixiantes, que viron o que se fixo durante 4 anos e di que igual a veciñanza non veu suficiente; que esperan a ver os informes que se van elaborar. Quere recordar que xa no 2019 se falou de pregos rematados que a día de hoxe non viron, que preguntaron por eles e se lles dixo que non estaban, e se é verdade que están listos pregunta porque non se sacan.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Responde o **Sr. Alcalde** que os pregos están listos, que o grupo BNG nunca pediu para velos, e que non se sacan pola falta de persoal, que na actualidade están inmersos nun procedemento de selección de dous técnicos, e que se está a empregar o tempo que se necesita para sacalos a diante. Continúa dicindo que o traballo non é fácil, e que entende que o grupo do BNG é coñecedor da situación porque aínda está esperando unha respostas á proposta que lles fixo en sesión plenaria, sobre darlles unha dedicación para que eles levaran o departamento de contratación; e reitera a oferta, ata que entre o técnico, para ver cantas licitacións son capaces de sacar. Entende que politicamente de portas para fora o BNG critique a situación, pero de portas para adentro pregúntalles se creen realmente que a situación que teñen en contratación lle beneficia ao equipo de goberno.

Responde **dona Rocío Souto Torre**, concelleira do BNG, que non vai a traballar para o equipo de goberno, que a lei lles outorga unhas atribucións e polo tanto teñen que facer o seu traballo; e non acepta ningunha dedicación exclusiva nin parcial, que obviamente está no posto de concelleira porque quere mellorar a vila, agradécelle a confianza que deposita nela pero xa estivo co Sr. Alcalde na oposición e esa confianza non é mutua; co todo o seu respecto como persoa e cidadá.

O Sr. Alcalde volve a reiterar, e indica que conste en acta, o ofrecemento da dedicación para levar contratación, (*Rocío Souto di que non*) e continúa dicindo que non a quere porque sabe que non é tan fácil e que non se quere mollar.

Responde a **Sra. Souto Torre** para indicar que ela non se pode dedicar en exclusiva nin parcial porque ten limitacións de coidadora suficientes como para non poder facelo, e reitera que non ten confianza no goberno para aceptar esa proposta.

O **Sr. Alcalde** continúa dicindo que non a quere porque sabe que se collen a área de contratación todo o que levan dicindo se cae e porque non é fácil e porque todos os informes de todos os responsables deste concello poñen de manifesto a falta de persoal, que hai un exceso de volume de traballo, cuestión que obvian e solo aproveitan cando lles interesa, que é parte da batalla política pero tamén é a súa obriga deixala en evidencia pola súa aptitude, que á hora da verdade, cando hai que mollarse non se mollan

Pregunta **dona Rocío Souto Torre** se cree que a esta deixando en evidencia, porque lle está ofrecendo unha dedicación e ela a está rexeitando.

Responde o **Sr. Presidente** que a ela non, a súa aptitude.

Toma a palabra **don Luis Pena Mosquera**, concelleiro do BNG para que conste en acta, as verdades e mentiras e que hai opinións e datos, e os datos son; primeiro, que non hai ningún alcalde do BNG con dedicación exclusiva na Deputación; segundo, do que se aprobou no 2019 hai unha diferenza dun 50% de masa salarial e con respecto ao 2023 dun 35 %.

Sen máis intervencións, sométese a votación a **proposta**, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 9 votos a favor**: 9 dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE D. Bernardo Fernández Piñeiro, D^a M^a Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Fernández, D^a Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D^a Ángela Piñeiro Carrera,, D. Joshua Dopico López, D^a. Manuela García Fachal; e **2 abstencións** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do BNG, D. Luis Pena Mosquera e D^a. M^a Rocío Souto Torre; e **2 votos en contra** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PP, D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D^a. Montserrat Pico Rodeiro; o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Recoñecer o desempeño con dedicación exclusiva, cunha xornada laboral semanal completa de 37,5 horas, ao cargo correspondente ao concelleiro/a delegado da área de urbanismo e infraestruturas, e asignar unha retribución bruta anual de 30.000,00 € (trinta mil euros) dividida en 14 pagas de devengo mensual (doce ordinarias, que se abonarán xunto coa nómina do persoal municipal e dúas extraordinarias, que se devengarán o día de 1 de xuño e o día 1 de decembro de cada ano) e experimentará iguais variacións que as que se establezan para o persoal funcionario nas Leis anuais de orzamentos xerais do Estado ou outra normativa que regule as ditas variacións, con igual extensión e efectos.

Estas retribucións serán incompatibles coas de outras retribucións con cargo ós orzamentos das administracións públicas e dos entes, organismos ou empresas de elas dependentes, así como para o desenrolo doutras actividades nos termos da Lei 53/1984 de 26 de decembro.

SEGUNDO.- Recoñecer o desempeño con dedicación exclusiva, cunha xornada laboral semanal completa de 37,5 horas, ao cargo correspondente ao concelleiro/a delegado da área de servizos sociais, igualdade e economía e facenda, e asignar unha retribución bruta anual de 30.000,00 € (trinta mil euros) dividida en 14 pagas de devengo mensual (doce ordinarias, que se abonarán xunto coa nómina do persoal municipal e dúas extraordinarias, que se devengarán o día de 1 de xuño e o día 1 de decembro de cada ano) e experimentará iguais variacións que as que se establezan para o persoal funcionario nas Leis anuais de orzamentos xerais do Estado ou outra normativa que regule as ditas variacións, con igual extensión e efectos.

Estas retribucións serán incompatibles coas de outras retribucións con cargo ós orzamentos das administracións públicas e dos entes, organismos ou empresas de elas dependentes, así como para o desenrolo doutras actividades nos termos da Lei 53/1984 de 26 de decembro.

TERCEIRO.- Recoñecer o desempeño con dedicación exclusiva, cunha xornada laboral semanal completa de 37,5 horas, ao cargo correspondente ao concelleiro/a con delegación especial do servizo de parroquias e obras e servizos, e asignar unha retribución bruta anual de 30.000,00 € (trinta mil euros) dividida en 14 pagas de devengo mensual (doce ordinarias, que se abonarán xunto coa nómina do persoal municipal e dúas extraordinarias, que se devengarán o día de 1 de xuño e o día 1 de decembro de cada ano) e experimentará iguais variacións que as que se establezan para o persoal funcionario nas Leis anuais de orzamentos xerais do Estado ou outra normativa que regule as ditas variacións, con igual extensión e efectos.

Estas retribucións serán incompatibles coas de outras retribucións con cargo ós orzamentos das administracións públicas e dos entes, organismos ou empresas de elas dependentes, así como para o desenrolo doutras actividades nos termos da Lei 53/1984 de 26 de decembro.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

CUARTO.- Recoñecer o desempeño de dedicación parcial do 85%, cunha xornada laboral semanal de 31,8 horas, ao cargo correspondente ao concelleiro/a delegado da área de comercio, cooperación no ensino e cultura, cunha retribución bruta anual de 25.500,00 € (vinte e cinco mil cincocentos euros) dividida en 14 pagas de devengo mensual (doce ordinarias que se abonarán xunto coa nómina do persoal municipal e dúas extraordinarias, que se devengarán o día de 1 de xuño e o día 1 de decembro de cada ano) e experimentará iguais variacións que as que se establezan para o persoal funcionario nas Leis anuais de orzamentos xerais do Estado ou outra normativa que regule as ditas variacións, con igual extensión e efectos

QUINTO.- Recoñecer o desempeño de dedicación parcial do 85%, cunha xornada laboral semanal de 31,8 horas, ao cargo correspondente ao concelleiro/a con delegación especial en turismo, promoción económica e formación e emprego, cunha retribución bruta anual de 25.500,00 € (vinte e cinco mil cincocentos euros) dividida en 14 pagas de devengo mensual (doce ordinarias que se abonarán xunto coa nómina do persoal municipal e dúas extraordinarias, que se devengarán o día de 1 de xuño e o día 1 de decembro de cada ano) e experimentará iguais variacións que as que se establezan para o persoal funcionario nas Leis anuais de orzamentos xerais do Estado ou outra normativa que regule as ditas variacións, con igual extensión e efectos.

SEXTO.- Recoñecer o desempeño de dedicación parcial do 65%, cunha xornada laboral semanal de 24,3 horas, ao cargo correspondente ao concelleiro/a delegación especial en xuventude e deportes, participación cidadá e novas tecnoloxías, cunha retribución bruta anual de 19.500,00 € (dezanove mil cincocentos euros) dividida en 14 pagas de devengo mensual (doce ordinarias que se abonarán xunto coa nómina do persoal municipal e dúas extraordinarias, que se devengarán o día de 1 de xuño e o día 1 de decembro de cada ano) e experimentará iguais variacións que as que se establezan para o persoal funcionario nas Leis anuais de orzamentos xerais do Estado ou outra normativa que regule as ditas variacións, con igual extensión e efectos.

SÉTIMO.- Recoñecer o desempeño de dedicación parcial do 55%, cunha xornada laboral semanal de 20,6 horas, ao cargo correspondente ao concelleiro/a con delegación especial en medio ambiente e parques e xardíns, cunha retribución bruta anual de 16.500,00 (dezaseis mil cincocentos euros) dividida en 14 pagas de devengo mensual (doce ordinarias que se abonarán xunto coa nómina do persoal municipal e dúas extraordinarias, que se devengarán o día de 1 de xuño e o día 1 de decembro de cada ano) e experimentará iguais variacións que as que se establezan para o persoal funcionario nas Leis anuais de orzamentos xerais do Estado ou outra normativa que regule as ditas variacións, con igual extensión e efectos

NOVENO.- Solicitar á Tesourería Xeral da Seguridade Social a alta, dos concelleiras/os con delegacións aos que se lles fixa dedicacións exclusivas e dedicacións parciais por medio do presente acordo, con efectos da data de aprobación, e asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da Seguridade Social impoñen ás empresas en relación cos traballadores ao seu servizo, asumindo a corporación o pago da cota empresarial correspondente.

DÉCIMO.- Publicar de forma íntegra no Boletín Oficial da Provincia e no Portal de Transparencia o presente acordo, aos efectos de seu xeral coñecemento e dar traslado aos



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

departamentos municipais correspondentes para dar cumprimento ao mesmo.

7.- DOTACIÓN ECONÓMICA DE GRUPOS POLÍTICOS.

A Secretaria xeral da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO

EXPDTE 2023/G006/000118

ASUNTO.- DOTACIÓN ECONÓMICA DE GRUPOS POLÍTICOS.

EXPDTE. 2023/X999/000121 ORGANIZACIÓN MUNICIPAL MANDATO CORPORATIVO 2023-2027

Por parte desta Alcaldía, unha vez constituídos os Grupos Políticos Municipais do concello de Ponte deume a través dos correspondentes escritos presentados por cada un deles e de conformidade co disposto no artigo 73.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril.

Visto informe da intervención municipal 22/06/2023

PROPOÑO:

PRIMEIRO.- *Asignar aos grupos políticos do concello de Ponte deume a seguinte dotación económica:*

- *Unha cota fixa anual a cada grupo político de 900 €.*
- *Unha cota anual variable de 300 € por cada un dos membros de cada grupo político*

Os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica da dotación económica mencionada que poñerán a disposición do Pleno da Corporación sempre que este o requira. No restante atenderán as normas previstas na lexislación aplicable así coma nas Bases de Execución do Orzamento municipal.

SEGUNDO.- *Publicar íntegramente no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Corporación o contido do presente acordo"*

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións, sométese a votación a **proposta**, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 9 votos a favor**: 9 dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE D. Bernardo Fernández Piñeiro, D^a M^a Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D^a Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Joshua Dopico López, D^a. Manuela García Fachal; **4 abstencións** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do BNG, D. Luís Pena Mosquera e D^a. M^a



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Rocío Souto Torre, e dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D^a. Montserrat Pico Rodeiro; o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Asignar aos grupos políticos do concello de Ponte deume a seguinte dotación económica:

- Unha cota fixa anual a cada grupo político de 900 €.
- Unha cota anual variable de 300 € por cada un dos membros de cada grupo político

Os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica da dotación económica mencionada que poñerán a disposición do Pleno da Corporación sempre que este o requira. No restante atenderán as normas previstas na lexislación aplicable así coma nas Bases de Execución do Orzamento municipal.

SEGUNDO. - Publicar íntegramente no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Corporación o contido do presente acordo.

8.- DACIÓN DE CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS

A Secretaria xeral da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO

EXPDTE 2023/G006/000111

ASUNTO.- DACCIÓN DE CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS

EXPDTE. 2023/X999/000121 ORGANIZACIÓN MUNICIPAL MANDATO CORPORATIVO 2023-2027

Visto que o número 3 do artigo 75 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA) dispón que da constitución dos grupos políticos e dos seus integrantes e voceiros o presidente dará conta ao Pleno na primeira sesión que se desenvolva tras cumprirse o prazo, legalmente establecido (5 días hábiles).

Previsión semellante atópase nos artigos 24 a 29 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF) e nos artigos e 12 e 13 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Ponte deume, que establecen:

Artigo 12. Grupos Políticos

Os/as membros da Corporación constituiranse en Grupos Políticos. Ningún Concelleiro ou Concelleira poderá pertencer a máis dun Grupo Municipal.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Os/as Concelleiros/as que non se integren nun Grupo Municipal, e os que causen baixa no que inicialmente se integraron, constituirán o Grupo Mixto, ou como membro non adscrito; en todo caso segundo establece a lexislación estatal e autonómica aplicable á materia.

Artigo 13. Constitución dos Grupos Políticos

Os Grupos Políticos constituiranse mediante escrito que, dirixido ao Presidente e subscrito por todas as persoas que o integran, deberá indicar a denominación do grupo e o nome do portavoz que lle represente podendo designarse tamén os/as suplentes.

O escrito de constitución haberá de presentarse na Secretaría Xeral da Corporación dentro dos cinco días hábiles seguintes á constitución da Corporación.

Da constitución dos Grupos Políticos e dos/as integrantes e Portavoces, o/a Presidente/a dará conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre tras cumprirse o prazo previsto no apartado anterior.

Cando a maioría dos concelleiros/as dun grupo político municipal abandonen a formación política que presentou a candidatura pola que concorreron ás eleccións ou sexan expulsados/as desta, serán os concelleiros/as que permanezan na citada formación política os/as lexítimos integrantes do devandito grupo político para todos os efectos. En calquera caso, o/a titular da Secretaría da Corporación poderá dirixirse ao representante legal da formación política que presentou a correspondente candidatura a efectos de que notifique a acreditación das circunstancias sinaladas.

Os escritos foron presentados polos tres grupos políticos políticos en tempo e forma e están subscritos por todas as persoas que os integran coa designación de voceiros/as titulares e suplentes no sentido seguinte:

- *Escrito do constitución do grupo municipal Partido Socialista de Galicia-Partido Socialista Obrero Español de Galicia (PSdeG-PSOE) de data 18/06/2023*

Composición:

*D. Bernardo Fernández Piñeiro
D^a María Rosario Huertas Garabana
D. Daniel Ríos Fernández
D^a Alejandra Bellón Tenreiro
D. José Simoes Couceiro
D. Isaac Alejandro García Otero
D^a Ángela Piñeiro Carrera
D. Joshua Dopico López
D^a Manuela García Fachal*

Designación de voceiros/as:

*Titular D^a Alejandra Bellón Tenreiro
Suplente D. Daniel Ríos Fernández*



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- Escrito do constitución do grupo municipal Bloque Nacionalista Galego (BNG) de data 19/06/2023

Composición:

D. Luis Pena Mosquera

D^a Rocío Souto Torre

Designación de voceiros/as:

Titular D. Santiago J. Rodríguez Piñeiro

Suplente D^a Montserrat Pico Rodeiro

- Escrito do constitución do grupo municipal Partido Popular (PP) de data 21/06/2023

Composición:

D. Santiago J. Rodríguez Piñeiro

D^a Montserrat Pico Rodeiro

Designación de voceiros/as:

Titular D. Santiago J. Rodríguez Piñeiro

Suplente D^a Montserrat Pico Rodeiro”

Advertido erro material no seo da propia sesión incorporase enmenda “*invoce*” de que os voceiros do Grupo Municipal do BNG son :

Titular D. Luis Pena Mosquera

Suplente D^a Rocío Souto Torre

Quendando a proposta enmendada do seguinte teor literal:

PROPOSTA DE ACORDO

EXPDTE 2023/G006/000111

ASUNTO.- DACCIÓN DE CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS

EXPDTE. 2023/X999/000121 ORGANIZACIÓN MUNICIPAL MANDATO CORPORATIVO 2023-2027

Visto que o número 3 do artigo 75 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA) dispón que da constitución dos grupos políticos e dos seus integrantes e voceiros o presidente dará conta ao Pleno na primeira sesión que se desenvolva tras cumprirse o prazo, legalmente establecido (5 días hábiles).

Previsión semellante atópase nos artigos 24 a 29 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2568/1986, de 28 de novembro (ROF) e nos artigos e 12 e 13 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Ponte deume, que establecen:

Artigo 12. Grupos Políticos

Os/as membros da Corporación constituiranse en Grupos Políticos. Ningún Concelleiro ou Concelleira poderá pertencer a máis dun Grupo Municipal.

Os/as Concelleiros/as que non se integren nun Grupo Municipal, e os que causen baixa no que inicialmente se integraron, constituirán o Grupo Mixto, ou como membro non adscrito; en todo caso segundo estableza a lexislación estatal e autonómica aplicable á materia.

Artigo 13. Constitución dos Grupos Políticos

Os Grupos Políticos constituiranse mediante escrito que, dirixido ao Presidente e subscrito por todas as persoas que o integran, deberá indicar a denominación do grupo e o nome do portavoz que lle represente podendo designarse tamén os/as suplentes.

O escrito de constitución haberá de presentarse na Secretaría Xeral da Corporación dentro dos cinco días hábiles seguintes á constitución da Corporación.

Da constitución dos Grupos Políticos e dos/as integrantes e Portavoces, o/a Presidente/a dará conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre tras cumprirse o prazo previsto no apartado anterior.

Cando a maioría dos concelleiros/as dun grupo político municipal abandonen a formación política que presentou a candidatura pola que concorreron ás eleccións ou sexan expulsados/as desta, serán os concelleiros/as que permanezan na citada formación política os/as lexítimos integrantes do devandito grupo político para todos os efectos. En calquera caso, o/a titular da Secretaría da Corporación poderá dirixirse ao representante legal da formación política que presentou a correspondente candidatura a efectos de que notifique a acreditación das circunstancias sinaladas.

Os escritos foron presentados polos tres grupos políticos políticos en tempo e forma e están subscritos por todas as persoas que os integran coa designación de voceiros/as titulares e suplentes no sentido seguinte:

- Escrito do constitución do grupo municipal Partido Socialista de Galicia-Partido Socialista Obrero Español de Galicia (PSdeG-PSOE) de data 18/06/2023

Composición:

D. Bernardo Fernández Piñeiro
D^a María Rosario Huertas Garabana
D. Daniel Ríos Fernández
D^a Alejandra Bellón Tenreiro
D. José Simoes Couceiro
D. Isaac Alejandro García Otero



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

D^a Ángela Piñeiro Carrera
D. Joshua Dopico López
D^a Manuela García Fachal

Designación de voceiros/as:
Titular D^a Alejandra Bellón Tenreiro
Suplente D. Daniel Ríos Fernández

- Escrito do constitución do grupo municipal Bloque Nacionalista Galego (BNG) de data 19/06/2023

Composición:
D. Luis Pena Mosquera
D^a Rocío Souto Torre

Designación de voceiros/as:
Titular D. Luis Pena Mosquera
Suplente D^a Rocío Souto Torre

- Escrito do constitución do grupo municipal Partido Popular (PP) de data 21/06/2023

Composición:
D. Santiago J. Rodríguez Piñeiro
D^a Montserrat Pico Rodeiro

Designación de voceiros/as:
Titular D. Santiago J. Rodríguez Piñeiro
Suplente D^a Montserrat Pico Rodeiro

Os concelleiros e concelleiras presentes TOMAN RAZÓN

9. DACIÓN DE CONTA DO DITADO DO DECRETO DA ALCALDÍA NÚMERO 345/2023 DE DÍA 21.06.2023 DE CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL MANDATO CORPORATIVO 2023-2027

A Secretaria xeral da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

(Expediente TEdC: 2023/X999/000121-2023/G006/000119)



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

DACIÓ DE CONTA DO DITADO DO DECRETO DA ALCALDÍA NÚMERO 345/2023 DE DÍA 21.06.2023 DE CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL MANDATO CORPORATIVO 2023-2027

Dase conta do ditado do Decreto da Alcaldía núm 345/2023 de 21.06.2023, do seguinte teor que se transcribe:

<<Descrición decreto: **CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
MANDATO CORPORATIVO 2023-2027
EXPEDIENTE Nº 2023/G003/000385**

EXPDTE 2023/X999/000121

ASUNTO: ORGANIZACIÓN MUNICIPAL MANDATO CORPORATIVO 2023-2027

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

Constituída a Corporación Municipal en Pleno celebrado o día 17 de xuño de 2023, consonte co resultado das eleccións municipais celebradas o día 28 de maio de 2023.

Segundo o disposto nos artigos 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigos 59.2.b) e 65.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e artigo 35.2 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, así como o establecido nos artigos 35-37 do Regulamento Orgánico Municipal de Ponte deume, a Xunta de Goberno Local é un órgano necesario do Concello, e se integra polo alcalde-presidente e un número de concelleiros e concelleiras non superior a un tercio do número legal de membros da Corporación.

Os concelleiros e concelleiras que a conforman serán nomeados e separados libremente pola alcaldía, dando conta ao Pleno da Corporación, correspondéndolle como competencia propia a asistencia ao alcalde no exercicio das súas atribucións así como as atribucións que o alcalde ou outro órgano lle delegue ou lle atribúan as leis, de acordo co establecido na lexislación aplicable.

En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. - Constituir a Xunta de Goberno Local do concello de Ponte deume para o mandato 2023-2027, como órgano colexiado municipal de carácter resolutivo, presidida por esta alcaldía, que quedará integrada polos concelleiros/as seguintes, (4), número non superior ao tercio do número legal dos que integran a Corporación:

Presidente: D. Bernardo Fernández Piñeiro

Nomear membros da Xunta de Goberno Local aos seguintes concelleiros e concelleiras:



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

D. José Simoes Couceiro

D. Daniel Ríos Fernández

D^a. Alejandra Bellón Tenreiro

D^a. María Rosario Huertas Garabana

O cargo se considerará aceptado tácitamente, salvo manifestación expresa dos concelleiros e concelleiras nomeados.

SEGUNDO. - *Atendendo ao establecido no artigo 211 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, a Xunta de Goberno Local para exercer as súas competencias resolutorias, terá sesións ordinarias coa periodicidade determinada polo Pleno da Corporación e as sesións extraordinarias cando o presidente o decida.*

Para o exercizo das súas funcións de asistencia, reunirase cando o alcalde-presidente da Corporación o determine.

TERCEIRO. - *A Xunta de Goberno Local terá asignadas as seguintes atribucións:*

a) *A asistencia permanente á alcaldía no exercicio das súas atribucións.*

b) *As atribucións que a alcaldía lle delega en forma expresa, que son as seguintes:*

- *Aprobar a oferta de emprego público de acordo co Orzamento e o cadro de persoal aprobados polo Pleno.*
- *As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídos ó Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización, todo elo nos termos previstos na normativa de urbanismo e ordenación do territorio de Galicia.*
- *Outorgamento, denegación, prórrogas nos prazos de execución e demais incidencias relacionadas con toda clase de autorizacións, licencias ou permisos municipais esixidas pola normativa aplicable para o exercicio dunha actividade ou prestación dun servizo, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno, incluíndo todas as urbanísticas non sometidas ao réxime de comunicación previa, as de segregación, as de parcelación, as de actividades sometidas a incidencia ambiental, apertura de establecementos e primeira ocupación de inmobles.*

A Alcaldía mantén a competencia no caso de comunicación previa ou declaración responsable, segundo a normativa aplicable, para o exercicio dunha actividade ou prestación dun servizo.

- *Declaración de ruina conforme á normativa urbanística aplicable e tramitación ata a resolución do expediente que corresponda.*
- *A ratificación das cesións urbanísticas.*
- *A incoación e resolución dos expedientes de disciplina urbanística, sancionadores e de reposición da legalidade urbanística.*
- *A adquisición de bens e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial, cando o seu valor non supere os 10% dos recursos ordinarios do orzamento, nin os tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados, e non estén legalmente atribuídos ao Pleno da Corporación.*



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- A adxudicación de concesións sobre os bens da Entidade Local cando o seu valor non supere o dez por cento (10%) dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros.
- A aprobación dos expedientes e outorgamento das autorizacións para o uso ou o aproveitamento especial e privativo do dominio público local, derivados de procedementos de libre concorrència e adxudicación directa, e cando non lle correspondan ao Pleno da Corporación por aplicación da normativa aplicable.
- Devolucións de garantías de todo tipo de contratacións e concesións e as devolucións de garantías derivadas das autorizacións, licencias ou permisos.
- A incoación e resolución dos expedientes de responsabilidade patrimonial da administración municipal que sexan competencia de alcaldía.
- A subscrición de convenios de colaboración con outras administracións públicas ou outras entidades do sector público, cunha vixencia inferior a 4 anos e cun límite de gasto total para a administración que non supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento municipal ou vixencia indefinida que non supoña gasto para a administración.
Queda excluída da competencia da Xunta de Goberno Local, a aprobación dos convenios de colaboración con entidades e asociacións e a xustificación dos mesmos, no seu caso, que serán competencia da alcaldía, salvo as expresamente atribuídas ao Pleno da Corporación.
- Outorgamento, autorización de transmisión e declaración de caducidade das licencias de taxi.
- As resolucións de creación, modificación e supresión dos ficheiros con datos de carácter persoal, consonte ó disposto pola normativa aplicable en materia de protección de datos.

Todo canto antecede o é sen prexuízo das avocacións que, no seu caso, puideran disporse pola alcaldía, de maneira motivada e mediante resolución formal, de acordo có previsto na Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público; e das facultades de asesoramento e dictamen que reserva á Xunta de Goberno Local o art. 23 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local.

Non é delegable a resolución dos recursos administrativos que se interpoñan contra os actos dictados por delegación.

O réxime dos acordos dictados por delegación será o establecido pola Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local e Real Decreto 2568/1986 de Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

No texto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local en virtude desta delegación, terase que facer constar esta circunstancia mediante a inclusión, na parte expositiva, dunha referencia á resolución de delegación.

CUARTO.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesión constitutiva dentro dos dez días seguintes á sinatura deste Decreto, de conformidade có sinalado no art. 112.1 do R.D. 2568/1986



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

QUINTO. - Da presente resolución, darase coñecemento ao Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose ademais persoalmente ás persoas interesadas e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade a partir do día seguinte ao da data de sinatura da mesma, conforme se indica no artigo 52.4, en relación co artigo 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

SEXTO. - Quedan derogados os Decretos así como calquera outra resolución que se opoña ao contido da presente resolución.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro do que eu, D^a Ana Ramos Ramos, como secretaria xeral, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).>>

En cumprimento do anterior, esta Alcaldía, da conta ao Pleno, para a súa TOMA DE RAZÓN."

Os concelleiros e concelleiras presentes TOMAN RAZÓN

10.- DACIÓN DE CONTA DO DITADO DO DECRETO DA ALCALDÍA NÚMERO 344/2023 DE 21.06.2023 DE NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE, MANDATO CORPORATIVO 2023-2027

A Secretaria xeral da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

(Expediente TEdE: 2023/X999/000121-2023/G006/000120)

DACIÓN DE CONTA DO DITADO DO DECRETO DA ALCALDÍA NÚMERO 344/2023 DE 21.06.2023 DE NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE, MANDATO CORPORATIVO 2023-2027

Dase conta do ditado do Decreto da Alcaldía núm. 344/2023 de 21.06.2023, do seguinte teor que se transcribe:

**<<Descrición decreto: NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE MANDATO CORPORATIVO 2023-2027
EXPEDIENTE Nº 2023/G003/000386**

EXPDTE 2023/X999/000121

ASUNTO: ORGANIZACIÓN MUNICIPAL MANDATO CORPORATIVO 2023-2027

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Constituída a Corporación Municipal en Pleno celebrado o día 17 de xuño de 2023, consonte co resultado das eleccións municipais celebradas o día 28 de maio de 2023.

Nomeados os membros da Xunta de Goberno Local, por Resolución desta alcaldía de data 20 de xuño de 2023, corresponde ao alcalde desinar aos tenentes de alcalde de entre os membros da citada Xunta de Goberno Local, e visto que son un órgano necesario do Concello, segundo dispoñen os artigos 20.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 59.2.a) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e artigo 35.2 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, así como o establecido no artigo 25 a 27 do Regulamento orgánico municipal de concello de Ponte deume.

Vistos os artigos 20.1 e 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e artigos 46 e 47 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, pola presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Nomear tenentes de alcalde aos seguintes concelleiros e concelleiras membros da Xunta de Goberno Local do concello de Ponte deume:

1º tenente de alcalde: D. José Simoes Couceiro

2º tenente de alcalde: D. Daniel Ríos Fernández

3ª tenente de alcalde Dª. Alejandra Bellón Tenreiro

4ª tenente de alcalde: Dª. María Rosario Huertas Garabana

SEGUNDO.- Os tenentes de alcalde substituirán a esta alcaldía na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, vacante, enfermidade ou impedimento que lle imposibilite para o exercicio das súas atribucións. así como desempeñar as funcións do alcalde nos supostos de vacante na alcaldía ata que tome posesión o novo alcalde ou alcaldesa.

Nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento, as funcións do alcalde non poderán ser asumidas polo/a tenente de alcalde a quen corresponda sen expresa delegación.

A delegación debe conter os seguintes requisitos:

- As delegacións serán realizadas mediante Decreto da alcaldía que conterà o ámbito dos asuntos a que se refire a delegación, as facultades que se deleguen, así como as condicións específicas de exercicio destas.

- A delegación de atribucións da alcaldía surtirá efecto desde o día seguinte ao da data do Decreto, salvo que nela se dispoña outra cousa, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Nos supostos en que o alcalde se ausente do termo municipal por máis de vinte e catro horas, sen conferir a delegación ou cando por causas imprevistas lle resultado imposible outorgala,



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

substituíralle na totalidade das súas funcións o/a Tenente de Alcalde a quen corresponda, dando conta ao resto da Corporación.

O cargo se considerará aceptado tácitamente, salvo manifestación expresa dos concelleiros e concelleiras nomeados.

TERCEIRO.- Da presente resolución, darase coñecemento ao Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose ademais persoalmente aos interesados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade a partir do día seguinte ao da data de sinatura da mesma, conforme se indica no artigo 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro do que eu, D^a Ana Ramos Ramos, como secretaria xeral, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).>>

En cumprimento do anterior, esta Alcaldía, da conta ao Pleno, para a súa **TOMA DE RAZÓN.**"

Os concelleiros e concelleiras presentes TOMAN RAZÓN.

11.- DACIÓN DE CONTA DO DITADO DO DECRETO DA ALCALDÍA NÚMERO 343/2023 DE 21.06.2023 DE DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA MANDATO CORPORATIVO 2023-2027

A Secretaria xeral da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

(Expediente TEdC: 2023/X999/000121-2023/G006/0000121)

ASUNTO.- DACIÓN DE CONTA DO DITADO DO DECRETO DA ALCALDÍA NÚMERO 343/2023 DE 21.06.2023 DE DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA MANDATO CORPORATIVO 2023-2027

Dase conta do ditado do Decreto da Alcaldía en funcións nº 343/2023 de día 21.06.2023, do seguinte teor que se transcribe:

**<<Descrición decreto: EXPEDIENTE DE DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA
MANDATO CORPORATIVO 2023-2027
EXPEDIENTE Nº 2023/G003/000387**

EXPDTE 2023/X999/000121

ASUNTO: ORGANIZACIÓN MUNICIPAL MANDATO CORPORATIVO 2023-2027



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

Constituída a Corporación Municipal en Pleno celebrado o día 17 de xuño de 2023, consonte co resultado das eleccións municipais celebradas o día 28 de maio de 2023.

De acordo co establecido no art. 43 do ROF e 28 e 29 do Regulamento Orgánico Municipal, a alcaldía pode realizar delegacións xenéricas das súas atribucións a favor dos membros da Xunta de Goberno Local, que estarán referidas a unha ou varias áreas ou materias determinadas, delegación que pode alcanzar tanto a facultade de dirixir os servizos correspondentes como a de xestionalos incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Así mesmo o alcalde poderá efectuar delegacións especiais para cometidos específicos en calquera concelleiro/a para a dirección e xestión de asuntos determinados, incluídos nas citadas áreas. Asimesmo, poderán ser delegados determinados servizos, de forma que a delegación comprenderá a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes, pero non poderá incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Todas estas delegacións deben ser resoltas mediante decreto da alcaldía que conterà o ámbito dos asuntos a que se refire a delegación as facultades que se delegan, así como as condicións específicas de exercicio das mesmas, na medida en que se concreten ou aparten do réxime xeral previsto na normativa.

Esta alcaldía co fin de conquistar unha maior celeridade e eficacia na xestión municipal efectúa delegacións xenéricas e especiais nos concelleiros e concelleiras do equipo de goberno, reservándose ademais das competencias indelegables, das que non están expresamente atribuídas a un/ha dos membros do equipo de goberno, as competencias de Industria, coa finalidade, para este mandato, de revitalizar e poñer en valor o tecido industrial do municipio e impulsar o emprego e o desenvolvemento económico, dentro das competencias que aos municipios outorga a lexislación estatal e autonómica.

De conformidade coas atribucións que me confiren os artigos 21 e 23 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e os artigos 43, 44 e 46 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico da Entidades Locais, polos artigos 61 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e polos artigos 28 e seguintes do Regulamento orgánico municipal, así como demais concordantes e de xeral aplicación, pola presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO. - Efectuar a delegación xenérica a favor do concelleiro, membro da Xunta de Goberno Local, D. José Simoes Couceiro, da área de persoal e réxime interior, que alcanza tanto a facultade de dirixir o servizo como a de xestionalo, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Baixo a xefatura superior de persoal, que é competencia indelegable da alcaldía, esta delegación comprende asimesmo as seguintes atribucións:

Dirección da área de persoal e recursos humanos municipais

Relación e coordinación de todos/as os/as empregados/as públicos, sen prexuízo das atribucións concretas, en determinados departamentos, do concelleiro ou concelleira que asuma o servizo.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Organización e réxime interno

Xestión de persoal

Xefatura da policía municipal

Criterios de selección e provisión

Réxime disciplinario: salvo a separación do servizo dos funcionarios e o despido do personal laboral, que son competencias indelegables da alcaldía, e as restantes previstas por Lei

Prevenición e riscos laborais

Sáude laboral

Negociación colectiva

Plan de formación

Coordinación, xestión e seguimento do Plan de Igualdade, de forma conxunta coa concelleira de igualdade

SEGUNDO.- *Efectuar a delegación xenérica a favor do concelleiro, membro da Xunta de Goberno Local, D. Daniel Ríos Fernández, da área de urbanismo e infraestructuras, que alcanza tanto a facultade de dirixir o servizo como a de xestionalo, sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, que se manterá reservada a alcaldía nesta área.*

Esta delegación comprende asimesmo as seguintes atribucións:

Dirección e xestión do servizo de urbanismo municipal

Seguimento do planeamento e xestión urbanística

Coordinación das obras de urbanización

Disciplina urbanística

Coordinación e seguimento dos expedientes de contratación da área de infraestructuras municipais.

Xestión e seguimento dos plans e programas de infraestructuras municipais e coordinación en materia de infraestructuras coas demais entidades supramunicipais

Xestión e seguimento dos plans de accesibilidade e mobilidade

Inventario municipal e xestión do patrimonio municipal

TERCEIRO.- *Efectuar a delegación xenérica a favor da concelleira, membro da Xunta de Goberno Local, D^a. Alejandra Bellón Tenreiro, da área de comercio, cooperación no ensino e cultura, que alcanza tanto a facultade de dirixir o servizo como a de xestionalo, sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, que se manterá reservada a alcaldía nesta área.*

Esta delegación comprende asimesmo as seguintes atribucións:

Dirección e xestión do servizo de comercio, cooperación no ensino e cultura

Coordinación, dirección e xestión da programación cultural e festiva do municipio

Organización e planificación dos recursos de ensino municipais

Cooperar coas restantes Administracións públicas nas materias da súa área

Coordinación con entidades e asociacións nas materias da súa área

Desenvolvemento de plans e programas municipais nas materias da súa área

Dirección e xestión do mercado municipal e relación co comercio eumés.

Xestión e funcionamento do Consello Escolar municipal e restantes órganos sectoriais nas materias da súa área.

Impulso de ordenanzas e regulamentos da súa área

Xestión da biblioteca municipal



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Normalización lingüística

CUARTO.- Efectuar a delegación xenérica a favor da concelleira, membro da Xunta de Goberno Local, D^a. María Rosario Huertas Garabana, da área de servizos sociais, igualdade e economía e facenda, que alcanza tanto a facultade de dirixir o servizo como a de xestionalo, sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, que se manterá reservada a alcaldía nesta área

Esta delegación comprende asimesmo as seguintes atribucións:

Dirección e xestión da área de servizos sociais e igualdade

Dirección e xestión da área de economía e facenda

Impulso e seguimento de programas, plans e produción normativa de toda índole na súa área

Coordinación orzamentaria e de recursos da Facenda local

A coordinación en materia de xestión tributaria

Impulso e seguimento da política económico-financieira

Coordinación da política municipal en benestar social coas restantes administracións públicas nas competencias respectivas

Coordinación, xestión e seguimento do Plan de Igualdade, de forma conxunta co concelleiro de persoal

Programa de recursos de apoio á igualdade e representación do municipio nos órganos sectoriais nesta materia.

Programas de acción integral ás persoas maiores

Accións de inclusión e inserción social

Programas de educación familiar, atención as familias e a infancia.

Coordinación coas Administracións supramunicipais en políticas de saúde e sanitarias.

Cemiterios

QUINTO.- Atribuír as seguintes delegacións especiais nos seguintes concelleiros e concelleiras:

- A don Isaac Alejandro García Otero, delegación especial do servizo de parroquias e obras e servizos.

Esta delegación comprende asimesmo as seguintes atribucións:

Coordinación e seguimento da execución de obras e tarefas de mantemento das vías e edificios e instalacións municipais

Coordinación das tarefas do persoal adscrito ao servizo e supervisar os medios materiais cos que contan

Seguimento das actuacións de adecuación e mellora das parroquias do municipio

Mantemento de alumeado público e servizos do ciclo da auga

Coordinación dos servizos de limpeza e xestión de residuos



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- A dona Ángela Piñeiro Carrera, delegación especial en turismo, promoción económica e formación e emprego

Esta delegación comprende asimesmo as seguintes atribucións:

Coordinación e dirección do servizo de turismo municipal

Coordinación das tarefas do persoal adscrito ao servizo

Accións de promoción e desenvolvemento económico do municipio

Impulso de iniciativas en formento do emprendemento

Implantación de iniciativas de competitividade e modernización para a promoción económica

Coordinación de plans e programas de formación e emprego

- A don Joshua Dopico López, delegación especial en xuventude e deportes, participación cidadá e novas tecnoloxías

Esta delegación comprende asimesmo as seguintes atribucións:

Coordinación e dirección do servizo de deportes e actividade deportivas

Coordinación das tarefas do persoal adscrito ao servizo

Seguimento e coordinación do mantemento das instalacións deportivas

Seguimento da xestión das axudas a clubs e entidades deportivas

Impulso, coordinación e xestión de iniciativas de fomento do deporte, da mocidade e do lecer.

Fomento da participación do movemento asociativo e de impulso do programa de participación cidadá

Seguimento e coordinación dos proxectos de novas tecnoloxías do concello, asumindo o impulso da renovación de equipamento informático, hardware, software, web, sede electrónica, xestor informático de procedementos, administración electrónica CEMIT, TIC e telefonía e comunicacións.

- A dona Manuela García Fachal delegación especial en medio ambiente e parques e xardíns

Esta delegación comprende asimesmo as seguintes atribucións:

Xestión e conservación do medio ambiente e estratexias municipais en redución do impacto ambiental

Programas de educación ambiental, impulso de plans e normativa no servizo delegado

Xestión e seguimento das actuacións de axardinamento en áreas naturais, de recreo, parques, espazos públicos entre outros

Seguimento da tramitación regulamentaria e disciplinaria no ámbito da protección do medio ambiente



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Os concelleiros e concelleiras nomeados/as neste punto terán amplas facultades para dirixir os asuntos obxecto de delegación, así como para xestionalos en xeral, si ben as delegacións non inclúen a facultade de resolver mediante o ditado de actos administrativos que afecten a terceiros, facultade esta que queda reservada ao órgano resolutorio que legalmente corresponda.

SEXTO.- As presentes delegacións surtirán efectos desde o día seguinte á sinatura desta Resolución, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, notificarase aos concelleiros e concelleiras delegados para a súa aceptación, que será expresa ou tácita, agás no caso de que no prazo de tres días hábiles, contados desde o seguinte ao da notificación, presente a súa renuncia expresa, debendo dar conta do mesmo ao Pleno Municipal na primeira sesión que celebre, ao abeiro do preceptuado no artigo 38 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro do que eu, D^a Ana Ramos Ramos, como secretaria xeral, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).>>

En cumprimento do anterior, esta Alcaldía, da conta ao Pleno, para a súa **TOMA DE RAZÓN.**"

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN**

REMATE DA SESIÓN

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión, sendo as once horas e trinta e nove minutos do expresado día.

Autorízase o presente borrador da acta coas sinaturas dixitais do Alcalde e da Secretaria, que dá fe.

DILIXENCIA DE APROBACIÓN

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria da do Pleno celebrada o día 28-07-2023 segundo o borrador asinado o día 19-07-2023. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do alcalde e da secretaria, que dá fe.

